



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Isla Couto, para difundir e preservar a vida e obra de Ramiro Isla Couto

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Fundación Isla Couto o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Isla Couto para para colaborar na realización dun programa de actuacións orientadas a coñecer con rigor intelectual a figura, o pensamento e a memoria de Ramiro Isla Couto, así como no estudo e divulgación da súa obra.

A Fundación Isla Couto é unha fundación cultural privada, declarada de interese galego, sen ánimo de lucro e con plena capacidade de obrar que ten como obxectivo fundamental manter viva a memoria do labor da familia Isla Couto a prol do desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por





unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega, especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Isla Couto que ten como obxectivos principais servir de apoio e estímulo para o desenvolvemento social e cultural de Galicia; estimular unha sociedade civil galega participativa e crítica; actuar como plataforma para o debate e a xeración de coñecemento respecto da sociedade galega e, servir como lugar de encontro e foro de debate para todos aqueles que se atopan comprometidos no labor de construír unha comunidade máis autónoma e participativa.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado



o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.





XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

